

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO

Lugar: sala virtual nº 14 da EIDO no Campus Remoto

Data: 23 de outubro de 2020

Hora de comezo: 11:00 h

Hora de remate: 13:00 h

ASISTENTES

Antonio Pino García (director da Eido), presidente

Joaquín Collazo Rodríguez (director da Área de Calidade)

José Luis Gómez Reboiro (xefe do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao)

María Asunción Longo González (responsable de calidade dos PD do ámbito Enxeñaría e Arquitectura)

Ángeles Parrillas Lata (responsable de calidade dos PD do ámbito Xurídico-Social)

María Paloma Morán Martínez (responsable de calidade do PD do ámbito Campus do Mar)

Sara Martínez Carrera (alumna)

Marcos Arias Acuña (subdirector da Eido), secretario

INVITADOS

José Miguel Dorribo Rivera (técnico superior de calidade da Área de Calidade)

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta das sesións anteriores
2. Informe da presidencia
3. Aprobación, se procede, da solicitude ao Observatorio de Egresados do Consello Social da realización de estudos de satisfacción cos programas formativos, inserción laboral e empregabilidade para o ciclo de doutoramento
4. Aprobación, se procede, para trasladar á vicerreitoría de Investigación precisións sobre as taxas das estadías de doutorandos alleos matriculados en programas interuniversitarios e conxuntos da Universidade de Vigo en aplicación do Regulamento de Persoal Investigador Visitante (programa HR)
5. Aprobación, se procede, da proposta de realización do seguimento (curso 2019/20 e anteriores) do programa de doutoramento Análise Económica e Estratexia Empresarial
6. Análise do informe de resultados de satisfacción da enquisa de profesorado 2020 e toma de accións de mellora
7. Validación, se procede, dos informes de acreditación dos programas de doutoramento presentados á convocatoria 2019/20
8. Rolda aberta de intervencións

DELIBERACIÓNS

1 Aprobación, se procede, da acta das sesións anteriores

Apróbanse por asentimento as actas da Comisión de Calidade da EIDO do días 23 de xullo de 2020 (sesión ordinaria) e do 14 de setembro de 2020 (sesión extraordinaria).

2 Informe da presidencia

O director da EIDO informa sobre:

- Verificación, Seguimento, Modificación e Acreditación dos programas 2019/20 e 2020/21: situación e acordos da reunión coa ACSUG do día 20.10: O peche de documentación en Avalía para os títulos pendentes de renovar a acreditación do curso 2019/20 será o 31 de outubro e a visitas virtuais entre o 16 de novembro e o 12 de febreiro. A data límite para a emisión do informe por parte da ACUSG será o 31 de marzo de 2021. En canto á renovación da acreditación do 2020/21, o peche de documentación en Avalía será o 30 de maio de 2021 e as visitas virtuais de xuño a outubro. No curso 2020/21 o programa de Análise Económica terá que pasar seguimento por ser o único con data de verificación de 2014.
- SGC: retómase a implantación progresiva do sistema, incluída a carga de rexistros na aplicación específica da universidade (proba piloto).
- Medición da satisfacción: situación das enquisas a estudantes de 1º e 3º ano dos cursos 2018/19 e 2019/20, aínda en prazo, que rematará o 31 de outubro.

3 Aprobación, se procede, da solicitude ao Observatorio de Egresados do Consello Social da realización de estudos de satisfacción cos programas formativos, inserción laboral e empregabilidade para o ciclo de doutoramento

Apróbase por asentimento a solicitude ao Observatorio de Egresados do Consello Social para que realicen estudos de satisfacción cos programas formativos, a inserción laboral e a empregabilidade dos alumnos egresados de doutoramento.

4 Aprobación, se procede, para trasladar á vicerreitoría de Investigación precisións sobre as taxas das estadias de doutorandos alleos matriculados en programas interuniversitarios e conxuntos da Universidade de Vigo en aplicación do Regulamento de Persoal Investigador Visitante (programa HR)

O director da EIDO comenta que a Vicerreitoría de Investigación aprobou as taxas das estadias de persoal de investigación visitante, consonte o establecido no Regulamento de Persoal Investigador Visitante da UVigo que acaba de aprobarse no Consello de Goberno. Os/as investigadores/as predoutorais rexistrados como investigadores/as visitantes deberán formalizar a súa matrícula na Universidade de Vigo nun programa de doutoramento concreto ou no programa xenérico da Escola Internacional de doutoramento -Eido- (no caso de que non atopen dentro da oferta de programas de doutoramento da Universidade de Vigo unha liña de investigación afín a aquela en que están traballando) baixo a modalidade de matrícula de "Estadía" polo tempo da súa duración, cun importe entre o 25% do custo total da matrícula para estadias inferiores a 3 meses ata o 100% para estadias de 9 meses a un ano.

Tras a aprobación desde regulamento apareceron casos de investigadores matriculados noutra universidade diferente á Universidade de Vigo nun programa de doutoramento interuniversitario ou conxunto, pero no que esta participa. A dirección da EIDO entende que neste caso non deberían de aboar ningún importe pola súa matrícula, xa que, segundo a normativa, xa teñen pagada a matrícula do curso enteiro na súa universidade de orixe, copartícipe do mesmo programa de doutoramento que un ofertado na Universidade de Vigo.

O xefe do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao comenta que nos convenios interuniversitarios figura unha cláusula para que o alumnado poida facer uso das instalacións de todas as universidades participantes.

Apróbase por asentimento instar á Vicerreitoría de Investigación que aclare este punto do regulamento.

5 Aprobación, se procede, da proposta de realización do seguimento (curso 2019/20 e anteriores) do programa de doutoramento Análise Económica e Estratexia Empresarial

O director da EIDO comenta que este ano lle corresponde pasar o seguimento ao programa de doutoramento en Análise Económica e Estratexia Empresarial, e que a ACSUG prefire que as universidades decidan se o seguimento será interno ou baixo a modalidade de avaliación externa.

Apróbase por asentimento facer o seguimento interno deste programa no curso 2020/21, coas mesmas datas de referencia que as mencionadas para o programa de acreditación 2020/21, e coa incorporación en Avalía das evidencias.

6 Análise do informe de resultados da enquisa de satisfacción de profesorado 2020 e toma de accións de mellora

O subdirector da EIDO comenta que en liñas xerais, os resultados de participación seguen a ser moi altos, do 52,5%, moi semellantes aos de fai dous anos (52,7%), e os resultados de satisfacción melloran o balance anterior, pasando dun 3,65 xeral a un 3,88. Isto permite acadar un dos obxectivos de calidade da Eido, que é o da satisfacción mínima de todos os colectivos en 2020 do 3,7.

O técnico superior de calidade comenta que, por PD, unha gran maioría teñen resultados de participación por riba do 35-40% e todos os PD superan o valor 3,5 en satisfacción. Esta estabilidade dálle coherencia aos resultados. Por primeira vez, dispónse dunha análise dos resultados cualitativos (preguntas abertas) estruturada por criterios ACSUG do seguimento e acreditación. A Comisión de Calidade debe decidir se se publica a información cualitativa no portal de transparencia e se está información se transmite aos programas interuniversitarios.

Tras un breve debate, a Comisión de Calidade aproba por asentimento publicar os resultados

cuantitativos no portal de transparencia e non publicar os cualitativos, de xeito que só se envíe a cada programa a súa información.

7 Validación, se procede, dos informes de acreditación dos programas de doutoramento presentados á convocatoria 2019/20

O subdirector da EIDO comenta os aspectos mais salientables dos informes que presentou cada un dos seguintes programas de doutoramento:

- Biotecnoloxía Avanzada
- Metodoloxía e Aplicacións Ciencias da Vida
- Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria
- Enxeñaría Química
- Xeotecnoloxías Aplicadas á Construción, Enerxía e Industria
- Xestión e Resolución de Conflictos. Menores, Familia e Xustiza Terapéutica
- Equidade e Innovación en Educación
- Comunicación
- Estudos Literarios
- Creación e Investigación en Arte Contemporánea

Como resumo, os aspectos que deben mellorar son: incluír referencias aos indicadores en cada apartado, comentar as enquisas de satisfacción, ter en conta na redacción que o informe o presenta a Universidade e non a CAPD e concretar a situación actual dos planes de mellora do seguimento.

O técnico superior de calidade comenta que os datos que aparecen no informe ten que estar contextualizados.

A Comisión de Calidade aproba por asentimento remitir a cada programa os comentarios sobre os aspectos que deben mellorar antes do próximo martes e delegar na dirección da EIDO a validación destes informes.

8 Rolda aberta de intervencións

Non hai.

ACORDOS

1 Apróbanse as actas da Comisión de Calidade da EIDO do días 23 de xullo de 2020 (sesión ordinaria) e do 14 de setembro de 2020 (sesión extraordinaria).

2 Apróbase a solicitude ao Observatorio de Egresados do Consello Social para que realicen estudos de satisfacción cos programas formativos, a inserción laboral e a empregabilidade dos alumnos egresados de doutoramento.

3. Apróbase instar a Vicerreitoría de Investigación que aclare a aplicación do artigo 2 do Regulamento de Persoal Investigador Visitante referido ao alumnado dos programas interuniversitarios nos que participa á Universidade de Vigo.

4. Apróbase facer o seguimento interno do programa de doutoramento Análise Económica e Estratexia Empresarial no curso 2020/21.

5. Apróbase que os resultados cualitativos da enquisa de satisfacción de profesorado 2020 non se publiquen no portal de transparencia e só se envíe a cada programa a súa información.

6. Apróbase a remisión da revisión dos informes de acreditación de cada programa de doutoramento e delegar na dirección da EIDO a validación destes informes.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto esta acta como secretario.

O secretario,

Visto e prace
O presidente

ANEXO I

INTERPRETACIÓN REGULAMENTO DO PERSOAL INVESTIGADOR VISITANTE

INTERPRETACIÓN REGULAMENTO DO PERSOAL INVESTIGADOR VISITANTE

Artigo 2. Definición do persoal investigador visitante e do alcance da súa condición

No caso dos investigadores/as predoutorais rexistrados como investigadores/as visitantes deberán, ademáis, formalizar a súa matrícula na Universidade de Vigo nun programa de doutoramento concreto ou no programa xenérico da Escola Internacional de doutoramento -Eido- (no caso de que non atopen dentro da oferta de programas de doutoramento da Universidade de Vigo unha liña de investigación afín a aquela en que están traballando) baixo a modalidade de matrícula de "Estadía" polo tempo da súa duración.

Nestes casos, se a estadía do investigador/a predoutoral fose inferior a 3 meses, só tería que pagar o 25% do custo total da matrícula. Se a duración non supera os 6 meses, o custo sería do 50% dos prezos públicos, e o 75% se a duración fose inferior a 9 meses. No caso de que a duración fose de 9 meses, habería que aboar o 100% dos prezos públicos de matrícula.

Podemos identificar as seguintes tipoloxías de investigadores/as predoutorais visitantes:

1. Investigadores que realizan a visita a través dun contacto na Universidade de Vigo, pero sen ningunha vinculación cun programa de doutoramento ou proxecto de investigación.
2. Investigadores que realizan a visita ao amparo dun proxecto de investigación no que participa a Universidade de Vigo.
3. Investigadores matriculados nun programa de doutoramento interuniversitario noutra universidade diferente á Universidade de Vigo, pero no que esta participa.

Aínda que todos eles teñen os dereitos establecidos no artigo 5 do Regulamento do Persoal Investigador Visitante, entendemos que os pertencentes ao grupo 3 citado non deberían de aboar ningún importe pola súa matrícula, xa que, segundo a normativa, xa teñen pagada a matrícula do curso enteiro na súa universidade de orixe, copartícipe do mesmo programa de doutoramento que un ofertado na Universidade de Vigo.